

ESTA NON É A REFORMA DE PENSIÓNS QUE NECESITAMOS.

23 de marzo de 2023

Os movementos e plataformas de pensionistas dos pobos e comunidades do Estado español que subscribimos este documento, queremos facer pública a nosa valoración da **reforma das pensións (RDL 2/2023, de 16/3)** publicada no BOE do pasado día 17 de marzo e pendente da súa ratificación polo Congreso.

Aínda que con concesións menores das que esixía Bruxelas e con aspectos puntuais que supoñen melloras sobre todo nos ingresos da Seguridade Social, a nosa posición segue sendo a de denunciar que esta reforma é a peaxe que, á conta das e os pensionistas, o goberno do Estado (PSOE, UP) fai á Comisión Europea para librar un novo tramo de fondos europeos, que irán destinados no seu maior parte a financiar as grandes empresas.

A oposición dos movementos de pensionistas ás últimas reformas de pensións (Decretos Lei 21/2021 e 12/2022), foi unha circunstancia determinante para que quebrar o consenso dominante, e para que a nova reforme atrasásese varios meses. O conxunto das organizacións pensionistas que subscribimos este texto, consideramos que **a nova lei (RDL 2/2023) non soluciona, nin de lonxe, as necesidades urxentes das persoas pensionistas**, recollidas nas xustas reivindicacións que unitariamente estamos a expor nas rúas, desde hai seis anos. Ademais:

A. Denunciamos a forma en que se está dando a coñecer a Reforma. Lanzouse unha forte campaña mediática baseada en medias verdades nunha linguaxe que aparenta coincidir coas esixencias das persoas pensionistas que estamos pelexando desde hai máis de 270 semanas nas rúas, pero ocultouse que o seu contido concreto non se coñeceu até a publicación final do RDL no BOE, o que **non permitiu un debate público e transparente** até que se converteu nun feito consumado.

B. Esta lei chega sen que o goberno cumprise as súas obrigacións legais anteriores. Referímonos á **auditoría das contas da Seguridade Social, prevista na Lei 21/2021**, que o goberno debería encargarse e realizar antes do 30 de xuño do pasado ano 2022. O asunto ten vital importancia, porque esa

auditoría (independente e transparente, está claro) demostraría que, sen soportar gastos impropios, **as contas da Seguridade Social están saneadas, e que os recortes como os que se están a facer non teñen ningunha xustificación**. O propio Tribunal de Contas xa acreditou unha débeda do Estado coa Seguridade Social de 103.690 millóns de euros. Por tanto, o non facer a auditoría, a parte de vulnerar a Lei, demostra ás claras a falsidade do obxectivo declarado de buscar “a viabilidade do Sistema”, e que **o verdadeiro obxectivo das reformas non é outro que o negocio privado** que se quere montar esquilmando as pensións públicas, para o cal o ministro Escrivá xa puxo “o pé na porta”.

C. Que sentido ten a ampliación do período de cómputo? No punto 23 da Lei queda reflectida **a ampliación ata os 29 anos do período para o cálculo das pensións futuras** (descontando os 24 peores meses) desde os actuais 25 (reforma de 2011). Aínda que se establece a posibilidade de elixir entre o actual período e o futuro, durante as próximas dúas décadas, está moi claro que as persoas ás que quede 20 ou máis anos para xubilarse (a maioría dos nosos fillos e netos) verán minguadas as súas pensións por esta ampliación aínda máis, no momento da súa xubilación. É falso que a lei busque adecuar a prestación á realidade de precariedade laboral da que é vítima a maioría da mocidade. Se así fóra, o período de cómputo deberíase reducir, no canto de ampliarse. **Deberíase atender a nosa demanda de volver aos quince anos anteriores á reforma de 2011** porque, coa precariedade xeneralizada, a xente traballadora actualmente en activo non ten, nin terá, 25, nin 29 nin 30 anos de cotización decente.

D. O chamado Mecanismo de Equidade Interxeracional”, que xa analizamos no seu día, **incrementábase desde o 0,6% ao 1,2%** (1% achegado polas empresas e 0,2% pola persoa traballadora). As dúbidas que nos xerou cando apareceu na Lei 21/2021 mantéñense no sentido de que, dada a debilidade sindical na negociación colectiva, ao final o grosso desa achega moito tememos que sexa soportado integramente polas e os traballadores, recortándoa do seu salario directo. Consideramos como unha vitoria dos traballadores e do movemento pensionista a derogación, no seu día, do “factor de sustentabilidade” do goberno de M. Rajoy, pero consideramos inxusto que esa factura a acaben pagando as e os de sempre.

E. A chamada “**Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal**” (**AIReF**) terá, segundo a nova Lei (disposición adicional segunda), a capacidade de valorar o proceso de ingresos e gastos, a partir de 2025, en informes trianuais Trátase dun organismo que presidiu o propio Escrivá desde a súa fundación en 2014, até que este foi nomeado ministro en xaneiro de 2020. **Un organismo neoliberal, ligado á banca como o propio ministro, parece que de “independente” ten máis ben pouco**. O control (mediante “informes ao goberno”, iso si) dun ente semellante sobre as contas da Seguridade Social deixa a porta aberta a recortes futuros.

F. A pesar dos esforzos mediáticos do goberno para vender o RDL, **as pensións mínimas seguen moi lonxe das nosas demandas e das necesidades das**

persoas pensionistas. A pensión mínima de referencia de persoa pensionista con cónxuxe non a cargo que se situará para o ano 2027 en 973 euros queda moi lonxe dos 1.080 euros que reclamamos para 2023. Cambiar a referencia do SMI para fixar a pensión mínima contributiva pola renda mediana é unha medida máis para reducilas e impedir pensións mínimas suficientes

G. Denunciamos que unha vez máis os sindicatos da Mesa do Diálogo Social, CCOO e UXT, avalen a nova reforma que dá cobertura aos recortes das pensións procedentes da reforma de 2011 (que tamén asinaron estes sindicatos) tales como o aumento até os 67 anos da idade de xubilación, o aumento dos anos necesarios para o cálculo da pensión de 15 a 25 anos e inclúe novos recortes como o aumento deste período de cálculo a 29 anos. Que se produciu sen debate algún no interior deses sindicatos e menos aínda no mundo do traballo que pretenden representar. O novo RDL fixa e amplía a nefasta reforma de 2011, na que se ampliou o período de cómputo para o cálculo das pensións, desde os 15 aos 25 anos, e se atrasou a idade de xubilación até os 67 anos.

O exemplo do sindicalismo francés que de maneira unitaria leva xa dous meses de encarnizada loita contra o aumento até os 64 anos da idade de xubilación, **debería facer reflexionar aos afiliados e delegados deses sindicatos** sobre o papel duns dirixentes que esqueceron os seus intereses de clase entre despachos enmoquetados.

Consideramos, por tanto, conxunta e solidariamente dentro da nosa diversidade e pluralidade, que **esta reforma recorta as futuras pensións, profunda os recortes das anteriores reformas, non sitúa as pensións mínimas en niveis de dignidade, e mantén e amplía a brecha de xénero.** A nova reforma enmárcase na política de pensións do actual goberno que non realizou a auditoría que por lei tiña que realizar, que abriu a porta ás pensións privadas, que non reduciu a idade de xubilación nin eliminou os coeficientes redutores das persoas xubiladas anticipadamente con 40 anos cotizados.

Por todo iso expresamos o noso rexeitamento e chamamos a todas as persoas traballadoras e pensionistas a despreñar **unha ampla mobilización para cuestionar, limitar e reverter a ampliación do período de cómputo e os demais efectos regresivos que contén o novo RDL.** De feito, esta foi a forma en que rompemos a conxelación das pensións, impedimos a aplicación do factor de sustentabilidade de Rajoy ou atrasamos as medias esixidas por Bruxelas durante meses.

Esta non é a reforma pola que levamos tantos anos loitando. Esiximos aos grupos do Congreso que na tramitación do RDL, as nosas reivindicacións sexan incluídas co obxectivo de garantir pensións públicas dignas, xustas e suficientes. Seguiremos por tanto manifestándonos en rúas e prazas, defendendo as necesidades das e os pensionistas, actuais e do futuro, e o Sistema Público de Pensións.

Seguiremos dando respaldo e explicando a **táboa reivindicativa** que as plataformas e movementos que asinamos este escrito defendemos unanimesmente:

1. Pensión mínima de 1.080 euros.
2. Eliminación efectiva da brecha de xénero.
3. Período de cómputo para o cálculo das pensións, dos mellores quince anos de cotización de cada persoa.
4. Auditoría xa, das contas da Seguridade Social, en cumprimento da Lei.
5. Xubilación aos 65 anos, en camiño aos 60 ano.
6. Actualización de pensións e salarios segundo o IPC real e anual, e recuperar a paga compensatoria anual para compensar a perda do poder adquisitivo das pensións.
7. Derrogación das reformas de 2011 e seguintes de 2021, 2022 e 2023.
8. Non aos plans de pensións privados de empresa, nin á xestión privada das pensións públicas.
9. Xubilación anticipada sen penalización a partir dos 40 anos cotizados.
10. Non á descapitalización da Seguridade Social, nin á liquidación do seu patrimonio inmobiliario.

GOBERNE QUEN GOBERNE AS PENSIONES PÚBLICAS DEFÉNDENSE!!!

ASJUBI40 (Asociación Xubilación Anticipada sen Penalizar),

COESPE (Coordinadora Estatal pola Defensa do Sistema Público de Pensións),

EHPM (Movemento de Pensionistas de Euskal Herria),

MADPP (Movemento Andaluz en Defensa das Pensións Públicas),

MODEPEN (Movemento Galego en Defensa das Pensións e dos Servizos Públicos),

UNIDADE-COESPE (Coordinadora Estatal de Pensionistas),

PLATAFORMAS DE PENSIONISTAS de Badaxoz, Móstoles ...